

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Asunto: *Aprobación inicial da Modificación Puntual Nº5 do PXOM. Catálogo de protección de conxunto de hórreos. Información pública. Expediente 2019/X999/001790.*

O Pleno Municipal, en sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de decembro de 2020, acordou aprobar inicialmente a Modificación Puntual Nº 5 do PXOM de Carballo en relación ao Catálogo de protección do conxunto de hórreos, segundo a documentación técnica redactada polos arquitectos Sara Prieto Hortas (colexiada número 4754 COAG) e Rubén Santiago Tojo (colexiado número 5012 COAG).

O que se somete a información pública por un prazo de dous meses en cumprimento dos artigos 60 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* e 144 do *Regulamento da dita lei*, co fin de que as persoas que se consideren afectadas por ela poidan examinar o expediente e deducir, de ser o caso, as alegacións ou observacións que xulguen oportunas.

Conforme ao previsto no artigo 47.2 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, o acordo de aprobación inicial da modificación puntual determina, por si só, a suspensión das licenzas nos ámbitos nos que as novas determinacións supoñan modificación da ordenación urbanística vixente. Esta suspensión terá un período máximo de dous anos e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva. As áreas corresponden aos terreos nos que se localizan os hórreos e construcións asimiladas que se incorporan no Catálogo de hórreos do PXOM vixente así como a todos os terreos incluídos nos seus contornos de protección. As obras non afectadas pola suspensión corresponden aos seguintes casos:

- As obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas por razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.
- Ás licenzas de primeira ocupación.
- Aos proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e a revisión ou modificación deste, sempre que esta fose aprobada inicialmente.
- Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento.

A totalidade do documento técnico e os trámites contidos no expediente poderán consultarse na Oficina Técnica municipal en horario de 10.00 h ás 13.00 h e nesta páxina web.

Carballo, 19 de xaneiro de 2021

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 28 de decembro de 2020 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"2.- Modificación puntual número 5 do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Aprobación inicial (CIPUM de 21/12/2020).

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Modificación puntual Nº 5 do PXOM de Carballo- **Catálogo de protección de conxunto de hórreos**, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Sara Prieto Hortas (arq. col. 4754 COAG) e Rubén Santiago Tojo (arq. col. 5012 COAG) que se detalla no apartado VIII deste informe.

Segundo.- Someter o expediente a información pública por prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia en nun dos xornais de maior circulación na provincia. Durante o mencionado prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o resumo executivo que se achega coa documentación presentada.

Terceiro.- Dar traslado desta documentación á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a fin de que dea audiencia aos municipios limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este prazo, entenderanse emitidos con carácter favorable.

Cuarto.- Solicitar informes sectoriais da Administración do Estado á Delegación do Goberno e á Dirección General de Telecomunicaciones y Ordenación de los Servicios de Comunicación Audiovisual.

Quinto.- Conforme ao previsto no artigo 47.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o acordo de aprobación inicial da modificación puntual determina, por si só, a suspensión das licenzas nos ámbitos nos que as novas determinacións supoñan modificación da ordenación urbanística vixente. Esta suspensión terá un período máximo de dous anos e, en calquera caso, extinguirse coa aprobación definitiva. As áreas corresponden aos terreos nos que se localizan os hórreos e construcións asimiladas que se incorporan no Catálogo de hórreos do PXOM vixente así como a todos os terreos incluídos nos seus contornos de protección. As obras non afectadas pola suspensión corresponden aos seguintes casos:

- a) As obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas por razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.
- b) Ás licenzas de primeira ocupación.
- c) Aos proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e a revisión ou modificación deste, sempre que esta fose aprobada inicialmente.
- d) Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento.

Sexto.- En aplicación do disposto nas NNTTPP o documento para aprobación provisional deberá incorporar os seguintes anexos que non teñen contido técnico nin xurídico que afecte ao documento a aprobar inicialmente.

- As carpetas que aparecen valeiras deberán incorporar un documento no que se indique o motivo da súa falla. Este documento manterá a codificación establecida no anexo 4 para o documento ausente engadíndolle ao final o código "_NP" que indique a súa falla de procedencia.
- Ficha de vixencia de planeamento segundo o establecido no anexo 7 das NNTTPP.

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2020/G010/000013

Sétimo.- Deberase completar o documento de normativa incorporando as observacións 4 e 5 do informe en materia de costas da Administración do Estado que non están incluídas no Anexo presentado o 03/12/2020. Tal e como consta no devandito informe estas observacións deberán incorporarse ao documento que se vaia a aprobar definitivamente."

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
O alcalde